



CAMPO DE TRABALLO ALDEA DE SALGUEIRO (MUÍÑOS-OURENSE)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
15-24/07/2014	18-30	Internacional	Medioambiental	20

LOCALIZACIÓN

O Campo de Traballo está situado no Concello de Muíños, a 40 km da capital e case na fronteira de Ourense con Portugal. Ademais, Muíños, está situado no Parque Natural da Baixa Limia - Serra do Xurés, na provincia de Ourense, que foi declarado Parque Natural en 1992; así como do Parque Nacional Portugués de Peneda-Gerês.

Outra característica de gran valor ambiental e patrimonial do Campo de Traballo, é que durante os 9 días de actividades, estaremos a traballar, coñecendo e gozando do entorno da Reserva da Biosfera Transfronteiriza Xurés-Gerês, centrando as nosas accións na Aldea de Salgueiro, situada en plena Reserva Natural do Parque Natural do Xurés. Aloxarémonos no Complexo do Corgo de Muíños, en cuxos arredores existe unha gran riqueza natural, orográfica, paisaxística, etnográfica e arqueolóxica. Nas mesmas instalacións atópase unha fermosa praia fluvial, peirao con embarcadiro flotante, embarcacións de remo, barco móbil e piraguas, barcos de auxilio e socorrismo, etc..

Comedor panorámico sobre o encoro preparado para a práctica de diferentes actividades deportivas, restaurante - cafetería con terrazas abertas e un edificio sociojuvenil como centro xestor do Complexo.

NOTA: este campo non dispón de accesos para persoas con discapacidades físicas.

DESCRIPCIÓN DO CAMPO DE TRABALLO

A Aldea de Salgueiro é unha antiga aldea de montaña habitada ata hai 50 anos por gandeiros e carboeiros. Na actualidade expónse a súa recuperación como un recurso etnográfico para difundir os valores naturais e culturais do Parque Natural Baixa Limia -Serra do Xurés e da Reserva da Biosfera Transfronteiriza Xurés- Gerês. Durante 9 días na aldea rexeneraremos con *Nendo Dango* o contorno queimado e construiremos e colocaremos caixas niño nestes espazos. Limparemos e prepararemos as antigas

eiras onde se traballaba co centeo. Limparemos e acondicionaremos o antigo forno e muíño e os camiños que acceden a eles. Protexeremos as estruturas de madeira empregando aceites naturais e abriremos un itinerario guiado para visitantes durante a duración do campo de traballo explicando a antiga vida na aldea e os seus recursos.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Visita ao Complexo romano do Aquis Querquennis.
- Actividades náuticas.
- Ruta de sendeirismo polo Parque Natural.
- Visita á cidade de Ourense.
- Baños termais.
- Actividades de avistamento e seguimento de fauna.

NOTA: estas actividades complementarias son orientativas e están suxeitas a modificacións derivadas do propio desenvolvemento do campo de traballo.

COMO CHEGAR

Por avión: (www.aena.es), Tfno.: 902 404 704

Aeroporto de Lavacolla en Santiago de Compostela, Tfno.: 981 547 501

Aeroporto de Alvedro (A Coruña), Tfno.: 981 187 200

Aeroporto de Peinador (Vigo), Tfno.: 986 268 200

Por estrada

- Liña A Coruña-Santiago-Pontevedra-Vigo. Empresa MONBUS (www.monbus.es), Tfno.: 902 292 900

- Liña Ourense Mugueimes. Empresa ANPIAN (www.anpian.com), Tfno.: 988 22 52 88.

Horario de luns a venres saída ás 13:30 da Estación de Autobús de Ourense dirección Mugueimes (Muíños) chegada ás 15:15



CAMPO DE TRABALLO ALDEA DE SALGUEIRO (MUÍÑOS-OURENSE)

Estacións de autobuses:

A Coruña, Tfno.: 981 184 335

Lugo, Tfno.: 982 223 985

Santiago de Compostela, Tfno.: 981 542 416

Vigo, Tfno.: 986 373 411 (www.vigobus.com)

Ourense, Tfno.: 988 216 027

Ferrol, Tfno.: 981 324 751

Por tren:

RENFE (www.renfe.es), Tfno.: 902 240 202

FEVE (www.feve.es), Tfno.: 981 370 401

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

Os/as participantes aloxaranse no Complexo do Corgo en Muíños, que dispón de comedor e instalacións sanitarias. O almorzo, comida e cea correrá a cargo de persoal especializado do propio equipamento.

INCORPORACIÓN

Ao longo do primeiro día a partir das 15:30 h e ata as 18:00 h no Complexo do Corgo en Muíños.

COTA

NOVENTA (90 €) euros

DEVOLUCIÓN DA COTA

Soamente se devolverá a cota no caso de **suspensión da actividade**.

EQUIPO ACONSELLABLE

Útiles de aseo (necese completo) e toalla de ducha. Saco de durmir, esteira e mochila para rutas. Calzado axeitado para montaña e calzado deportivo. Roupas: de deporte (suadoiros ...), de baño (traxe de baño, toalla, chanquetas ...), de abrigo (roupa axeitada para poder realizar o traballo no caso de chuvia ou frío), de auga (chubasqueiro), de traballo (luvas, gorro, calzado cómodo, roupa axeitada para traballar no castro, botas de montaña...).

DOCUMENTACIÓN

Todos/as os/as participantes deberán levar o seu DNI e a tarxeta sanitaria europea.

SEGURO

Todos/as os/as participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se puidesen producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se puidese derivar.

CONTACTOS

Complexo do Corgo, Tfno.: +34 988 456 403

Sustinea, Tfno.: +34 988 782 964

+34 668 874 900

D. X. de Xuventude e Voluntariado, Tfno.: +34 981 544 838 e 881 999 194

Servizo de Xuventude en A Coruña, Tfno.: +34 881 881 238

www.facebook.com/xuventude.net

INFORMACIÓN ADICIONAL

www.xuventude.net. Portal da D. X. de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos de traballo, lecer e tempo libre, actividades, formación ...

www.santiagoturismo.com. Información sobre a cidade de Santiago de Compostela, transportes, accesos ...

www.coruna.es. Información sobre a cidade da Coruña, transportes, accesos ...

www.concellomuinos.com

Información sobre o concello de Muíños, situación, turismo, transportes, accesos ...

www.xacobeo.es. Páxina oficial sobre o Camiño de Santiago e outros eventos.

www.turgalicia.es. Portal de información turística de Galicia.

www.alsa.es. www.avanzabus.com. Páxinas con información sobre transporte dende outras comunidades autónomas.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de
Xuventude e Voluntariado

Edificio Administrativo San Lázaro, 3.ª planta
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 544 838

CAMPO DE TRABALLO ALDEA DE SALGUEIRO (MUÍÑOS-OURENSE)